

Dende a Concellería de Educación do Concello de Boiro xunto cos centros educativos ubicados no casco urbano, ademáis de ser un tema proposto no Consello Escolar Municipal, pretendemos promover o **Camiño Escolar Seguro**, tal como existe noutros concellos.

O **Camiño Escolar Seguro** é unha iniciativa para que o alumnado se desprace andando aos seus centros educativos dunha maneira segura.

Este é un proxecto que xorde coa intención de promover un cambio nas pautas de mobilidade dos nenos -as do noso municipio. É un proceso mediante o cal se naturaliza a mobilidade da comunidade escolar por unha rede de itinerarios, marcados con preferencia peonil cara ós centros escolares e acompañados ou supervisados por persoas voluntarias interesadas en participar nesta iniciativa . Estes itinerarios fan que todas/os poidan acceder de forma activa, sana segura, universal e máis autónoma.

Co motivo de coñecer a vosa opinión e valorar dende o concello e os centros se o proxecto tería boa acollida e por esta razón enviarasevos unha enquisa para obter información relevante para este proxecto.

Concelleira de Educación

Asdo . Dixitalmente á marxe

